



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

07 MAY. 2024 21:56:54

Entrada **24301**

Pregunta ao Goberno para a súa resposta escrita

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita**.

Desgraciadamente, no que vai de ano 2024, producíronse xa 13 mortes na Galiza no ámbito laboral, 9 delas en Pontevedra. A sinistralidade laboral xa experimentara unha subida de 7,11% na Galiza no ano 2023 respecto ao 2022, sendo unha das CCAA onde máis creceu. É a quinta autonomía en número de accidentes con traballadores falecidos. Por sectores de actividade, a construción é o sector co maior índice de incidencia de sinistralidade laboral con 5,29%, seguido da industria e da pesca.

Unha situación que levou, por exemplo, no pasado mes de abril ás organizacións sindicais do sector naval en Vigo a convocar manifestacións para denunciar a elevada sinistralidade no traballo e para demandar máis medidas de prevención e seguridade ás empresas e un maior control por parte das Administracións públicas.

As organizacións sindicais, como é o caso da CIG, sindicato maioritario na Galiza, consideran que se relaxaron as medidas de seguridade así como a formación en materia de seguridade laboral por parte das empresas, que ou ben é inexistente ou se chega a impartir online. A formación supón un custo para os empresarios e a implementación de medidas un atraso no inicio do traballo e isto fai que se eluda en ocasións.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

07 MAY. 2024 21:56:54

Entrada **24301**



A nivel lexislativo, convén lembrar que a Lei de Prevención de Riscos Laborais é do ano 1995 e está desactualizada. Durante estas décadas produciuse unha evolución no mercado de traballo, con novas situacións e cambios que deben ser contemplados. A lei necesita unha adaptación ás novas realidades.

Outra das demandas é a necesidade de reforzar a Inspección de Traballo para garantir o cumprimento das medidas en materia de seguridade. Algo que vimos reclamando desde o BNG en numerosas iniciativas e coa aprobación recente dunha moción no Senado que vai nesta liña e que tamén inclúe a transferencia da xestión de Inspección á Xunta.

Aumentar o persoal de inspección de traballo na Galiza, asegurar que se aplica a formación en prevención, adaptar a Lei de Prevención de Riscos Laborais, son algunhas das cuestións que o Ministerio de Traballo debería considerar para atallar a sinistralidade laboral que no caso da Galiza resulta preocupante á vista das cifras.

A precariedade laboral con ritmos de traballo centrados na hiper produción, con extenuantes xornadas laborais, a redución dos tempos de descanso, a falta de formación en prevención, o relaxamento das medidas de seguridade e a falta de inspectores de traballo nun número suficiente, son factores que inciden no aumento da sinistralidade laboral. Sectores como o sector do metal levan tempo demandando un maior control por parte da Inspección de Traballo en medidas de protección así como o impulso da figura de prevención.

Na pasada lexislatura o Ministerio de Traballo anunciou un Plan de Choque contra os accidentes mortais no traballo ante as elevadas cifras do ano 2019 a desenvolver en colaboración coas CCAA, a pesar do cal, as cifras de accidentes e mortes nos últimos anos víronse incrementadas.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Cando aumentará o persoal de Inspectores de Traballo na Galiza (non nos referimos aos subinspectores) nun número necesario?



2. Analizou o Ministerio as causas deste incremento de sinistralidade laboral na Galiza? De ser así, Cales son?
3. ¿Comparte a necesidade de incrementar as actuacións e inspeccións de traballo para combater a precariedade laboral e garantir a prevención e seguridade?

Madrid, a 7 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita**.

Desgraciadamente, en lo que va de año 2024, se han producido ya 13 muertes en Galiza en el ámbito laboral, 9 de ellas en Pontevedra. La siniestralidad laboral ya había experimentado una subida del 7,11% en Galiza en el año 2023 respecto al 2022, siendo una de las CCAA dónde más creció. Es la quinta autonomía en número de accidentes con trabajadores fallecidos. Por sectores de actividad, la construcción es el sector con el mayor índice de incidencia de siniestralidad laboral con un 5,29%, seguido de la industria y de la pesca.

Una situación que llevó, por ejemplo, en el pasado mes de abril a las organizaciones sindicales del sector naval en Vigo a convocar manifestaciones para denunciar la elevada siniestralidad en el trabajo y para demandar más medidas de prevención y seguridad a las empresas y un mayor control por parte de las Administraciones públicas.

Las organizaciones sindicales, como es el caso de la CIG, sindicato mayoritario en Galiza, consideran que se han relajado las medidas de seguridad así como la formación en materia de seguridad laboral por parte de las empresas, que o bien es inexistente o se llega a impartir online. La formación supone un coste para los empresarios y la implementación de medidas un retraso en el inicio del trabajo y esto hace que se eluda en ocasiones.



A nivel legislativo, conviene recordar que la Ley de Prevención de Riesgos Laborales es del año 1995 y está desactualizada. Durante estas décadas se ha producido una evolución en el mercado de trabajo, con nuevas situaciones y cambios que deben ser contemplados. La ley necesita una adaptación a las nuevas realidades.

Otra de las demandas es la necesidad de reforzar la Inspección de Trabajo para garantizar el cumplimiento de las medidas en materia de seguridad. Algo que venimos reclamando desde el BNG en numerosas iniciativas y con la aprobación reciente de una moción en el Senado que va en esta línea y que también incluye la transferencia de la gestión de Inspección a la Xunta.

Aumentar la plantilla de inspectores de trabajo en Galiza, asegurar que se aplica la formación en prevención, adaptar la Ley de Prevención de Riesgos Laborales, son algunas de las cuestiones que el Ministerio de Trabajo debería considerar para atajar la siniestralidad laboral que en el caso de Galiza resulta preocupante a la vista de las cifras.

La precariedad laboral con ritmos de trabajo centrados en la hiper producción, con extenuantes jornadas laborales, la reducción de los tiempos de descanso, la falta de formación en prevención, el relajo de las medidas de seguridad y la falta de inspectores de trabajo en un número suficiente, son factores que inciden en el aumento de la siniestralidad laboral. Sectores como el sector del metal llevan tiempo demandando un mayor control por parte de la Inspección de Trabajo en medidas de protección así como el impulso de la figura de prevención.

En la pasada legislatura el Ministerio de Trabajo anunció un Plan de Choque contra los accidentes mortales en el trabajo ante las elevadas cifras del año 2019 a desarrollar en colaboración con las CCAA, a pesar de lo cual, las cifras de accidentes y muertes en los últimos años se han visto incrementadas.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:



1. ¿Cuándo va a aumentar la plantilla de Inspectores de Trabajo en Galiza (no nos referimos a los subinspectores) en un número necesario?
2. ¿Analizó el Ministerio las causas de este incremento de siniestralidad laboral en Galiza? De ser así, Cuáles son?
3. ¿Comparte la necesidad de incrementar las actuaciones e inspecciones de trabajo para combatir la precariedad laboral y garantizar la prevención y seguridad?

Madrid, a 7 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso